

A lingua e a humanidade

MARIO REGUEIRA A TINTA E A LUZ

A relativa escuridade que de sempre rodeou a linguaxe humana permitiu, desde tempos remotos, as máis variadas mitoloxías ao redor. De onde vén a nosa capacidade para comunicarnos verbalmente? Somos a única especie que pode facelo? É certo que a nosa visión do mundo depende de como o estruturamos na nosa lingua?

Trátase dunha perspectiva que sempre tivo o risco da resposta mítica e, en tempos máis recentes, tamén da falsamente simplificadora. E en certa medida hai que recoñecer que o eido da filoloxía tendeu con certa frecuencia a elas, e tamén manifestou fortes reticencias á hora de dialogar con ramas como a bioloxía, a neuroloxía, a física ou a antropoloxía. De forma similar a como acontece noutros eidos do coñecemento



Unha mente que voa. Unha mirada á evolución da linguaxe

Xurxo Mariño /
Xerais / 2020 /
128 páxinas /
18 euros

humanístico, aínda podemos atopar liñas teóricas que se basean en estudos científicos de hai décadas e que teñen pouca ou ningunha intención de actualizar o seu discurso coas novas investigacións e evidencias descubertas desde outros campos.

É por iso que a achega de Xurxo Mariño é tan relevante. O seu enfoque como biólogo especializado en neurociencia é unha perspectiva sobre o tema difícil de atopar. Polo menos difícil de atopar nunha chave divulgativa, interdisciplinaria e ben escrita, claro, os puntos fortes do seu autor.

Se ás veces a divulgación científica é acusada de erguer o veo do mundo, estragando a marabilla e o misterio, iso non é algo do que poida responsabilizarse a Mariño, que neste aspecto parece ter dotes de prestidixitador. Non só non estraga o misterio, senón que coa súa capacidade expositiva e mesmo narrativa e capaz de ensinarnos onde está realmente e compartir con el ese alento contido e esa marabilla que ofrecen as hipóteses. Que todo o que sabemos da aparición da linguaxe e da evolución humana nos deixe aínda ante un escenario de preguntas é unha boa proba diso.

O compromiso de Edicións Xerais coa divulgación científica merece un aplauso especial. Gustemos ou non trátase dunha materia cara á que a cultura galega das letras sempre foi particularmente refractaria e desconfiada, iso cando non caeu directamente no foxo das pseudociencias e do ridículo. Ter divulgadores e divulgadoras capaces de expresarse na nosa lingua é algo da maior importancia para o futuro da nosa cultura. E iso aínda que estimemos, na parte máis negativa, que Xerais non acaba de dar cun formato editorial atractivo que faga xustiza a esta aposta e permita darlle todo o valor que merece.

> marioregueira.gal



O biólogo Xurxo Mariño.

Polos vieiros da saudade
Ramón Otero Pedrayo /
Galaxia / 2020 /
352 páxinas / 30 euros



Otero Pedrayo en Nós Biblioteca

Galaxia bota a andar a colección Nós Biblioteca, coa que conmemora a efeméride dos 100 anos da revista Nós. Trátase dunha escolma composta por unha decena de obras de autores como Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Antón Losada Diéguez, Antón Vilar Ponte ou Castelao, artífices da revista. A colección inclúe tres reedicións de Otero Pedrayo, entre as que se atopa este *Polos vieiros da saudade*, obra na que relata a súa viaxe a América e o reencontro con Castelao. Belén Bouzas